

# na butaca ta ca

ButacaZero presenta

## na butaca

fantasía nº 3 en Dor Maior

en escena  
pepa barreiro

dramaturxia e dirección  
sther f. carrodegas

luz e audiovisuais  
laura iturralde



unha produción



co apoio de



FEDERACION ALZHEIMER GALICIA

esadg

Rianxo

Centro Vecinal e Cultural de Valladares

# na butaca

[fantasía nº3 en Dor Maior]

Un proxecto **ButacaZero**, co apoio de Editorial Galaxia e AGADEA

**na butaca** é unha peza de teatro que aborda de maneira poética o tema do esquecemento: concretamente, o esquecemento como doenza tipo demencia ou alzhéimer que adoita instalarse nas mentes de persoas de certa idade. A obra, partindo da idea do vivir no presente desa personaxe que está esquecida (perdida do seu pasado e do seu futuro) achéganos a unha realidade que por veces nos amosa paz e outras anguria; felicidade ou rabia. E xunto a ela imos do cómico ao escatolóxico pasando polo transcendente.

**na butaca** remata por ser un alegato –poético- a favor da vida vivida no presente. Ao fin e ao cabo, quen non pensou algunha vez que o esquecemento nos faría máis felices?

\*\*\*

O proxecto **na butaca** nace da convivencia persoal con persoas afectadas de demencia senil. Esther F. Carrodegas e Pepa Barreiro xúntanse para, dende o amor, falar en escena dunha realidade tan marxinal como habitual. Do encontro nace un texto tan poético como optimista, aínda que tamén duro por momentos. Un texto que, ademais, se fai carne grazas ao teatro.

**na butaca** ten ademais un forte valor pedagóxico para alumnos e alumnas de 3º, 4º da ESO e Bacharelato, pois non só é un proxecto que sensibiliza sobre un tema social ben habitual na nosa sociedade cada vez máis envellecida, senón que ademais achega aos adolescentes a literatura e o teatro contemporáneo.



## UN PROXECTO TEATRAL INTEGRAL



A peza teatral é o punto de partida da nosa proposta. Trátase dun solo de actriz de 50 minutos que cabalga entre o teatro contemporáneo e a danza a través do cal entramos dentro do pensamento dunha persoa esquecida.

## XIRA BENÉFICA

A estrea terá lugar o 21 de setembro [día Mundial da doenza tipo Alzheimer], virá organizada en coordinación con AGADEA de maneira que os cartos acadados na billeteira, reverterán na Asociación. Haberá moitas outras representacións que terán este mesmo carácter benéfico.

## SENSIBILIZACIÓN

O propio contido da obra funciona como sensibilizador con respecto á realidade das doenzas relacionadas co esquecemento. O traballo de sensibilización terá lugar especialmente na adolescencia, tentando chegar coa obra aos alumnos de 3º E 4º DA ESO e Bacharelato.

## TEATRO-FORO

As representacións teatrais para adolescentes virá acompañada dun Teatro-Foro posterior, deseñado pola psicóloga social Amantia Colleo. Así, a través de ferramentas teatrais, conseguirase que o alumnado comprenda dunha maneira máis profunda tanto o proxecto teatral como as temáticas que se propoñen. Unha xeito divertido de facer que a nosa peza vaia máis alá

## OBRADOIROS DE TEATRO E MEMORIA

O proxecto complementase coa realización de obradoiros de Teatro e Memoria deseñados para diferentes colectivos que funcionarán como dinamizadores culturais, tentando a creación de novos públicos para o teatro contemporáneo.



**O TEXTO.** O texto, publicado por Galaxia, é por fin o complemento perfecto para a obra. Un texto tan poético como teatral cunha edición especialmente coidada que estará nas librarías a partires do 21 de setembro.



## ESTHER F. CARRODEGUAS

Graduada en Dirección e Dramaturxia pola ESAD de Galicia. Licenciada en Xornalismo pola Universidade de Compostela

Actriz, directora, *performer* pero sobra todo: escritora. Creadora polifacética, a carreira artística de Esther Carrodegua pasa do audiovisual ás artes de acción no 2010. Fundadora da compañía universitaria Teatro da Falúa. Directora dende o 2011 de Teatro Airiños. Tras gañar o premio Abrente para Textos Teatrais da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia no 2015 coa súa obra Voaxa e Carmín, decide dar a luz xunto a Xavier Castiñeira unha plataforma creativa profesional, a compañía ButacaZero. O parto tivo lugar na propia MIT de Ribadavia, onde se estreou Voaxa e Carmín, co castelo ateigado de persoas interesadas na historia de Maruxa e Coralía Fandiño Ricart. Na butaca, é a segunda proposta ButacaZero e con ela continúa cun traballo teatral que inclúe a investigación e a preocupación polo mundo que nos arrodea.

## PEPA BARREIRO

Diplomada en Profesorado en Santiago de Compostela.

Formada como actriz con diferentes mestres: Etelvino Vázquez, Helena Ferrari, Shelma Shoregui, Vicente Fuentes, Mar Navarro, Fabio Mangolini, Roxana Pineda ou Nuria Inglada.

Cofundadora en 1986 da compañía Teatro de Ningures (Cangas do Morrazo) coa que actualmente está a representar Unhas poucas picadelas, de Laila Ripoll. Anteriormente en Vigo funda xunto a Maribel González Muñoz o 'Colectivo Vagalume, Aventuras Teatrais'. Traballou como actriz no Centro Dramático Galego, A Factoría Teatro, Producións Teatrais do Sur, Teatro do Morcego, Dobre Xiro Danza ou no Centro Dramático de Viana do Castelo. Dende o ano 2003, dirixe a Aula de Teatro da Universidade de Vigo

## + INFO

<http://butacazero.wixsite.com/butacazero>

<https://www.facebook.com/ButacaZero/>

<https://www.facebook.com/nabutaca>

## CONTACTO:

Esther F. Carrodegua – 629694432 – [carrodegua.butacazero@gmail.com](mailto:carrodegua.butacazero@gmail.com)